



Dirección Xeral de Formación Profesional

Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional

Convocatoria 2024

Instrucións para a realización da proba de acceso

Índice

1	Data de celebración.....	3
2	Lugar de celebración.....	3
3	Documentación que se precisa.....	3
4	Horario das probas.....	3
5	Advertencias.....	3
6	Materiais que se poden empregar para a realización das probas.....	4
7	Instrucións.....	4
7.1	Exame e folla de respostas.....	4
7.2	Cumprimento do campo do documento de identificación (DNI/NIE/Pasaporte).....	4

1 Data de celebración

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior, convocadas mediante a Orde do 21 de decembro de 2023 (DOG 8 de xaneiro de 2024) terá lugar o día **18 de abril de 2024**.

2 Lugar de celebración

Os lugares de celebración das probas de acceso a grao superior están publicados nos taboleiros dos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-superior-convocatoria-actual>

Por favor, preste especial atención e comprobe cal é o centro que lle corresponde. Se ten dúbidas, pregunte no centro onde realizou a inscrición.

3 Documentación que se precisa

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Non se permitirá o acceso ao lugar de celebración da proba sen os devanditos documentos. As persoas que teñan algún problema de identificación terán que dirixirse ao tribunal, que valorará as incidencias e tomará as decisións que considere oportunas.

4 Horario das probas

- Presentación:
 - Ás 9:00 horas.
- Parte común da proba:
 - Das 09:30 ás 13:00 horas: materias da parte común (Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá).
- Parte específica da proba (opción A, B ou C):
 - Das 16:00 ás 18:30 horas: materias da parte específica.

En cada chamamento as persoas inscritas estarán situadas nos lugares designados polos centros.

As persoas que estean exentas de realizar a parte común acudirán directamente ao chamamento antes das 16:00 horas. As persoas que estean exentas de realizar a parte específica acudirán soamente ao chamamento das 9:00 horas. As persoas que estean exentas das dúas partes non terán que acudir á celebración da proba.

Non será posible abandonar o lugar de realización da proba ata que o tribunal dea a autorización.

5 Advertencias

- Non se poderá acceder ao lugar de realización das probas con ningún dispositivo que permita transmitir e/ou almacenar información, móbiles nin calquera dispositivo electrónico, agás as calculadoras científicas permitidas só para a realización das probas de Matemáticas, Física, Química, Tecnoloxía Industrial e Economía da empresa.
- O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguilas poderá ser causa de exclusión.

6 Materiais que se poden empregar para a realización das probas

- Bolígrafos de tinta negra ou azul.
- Calculadora científica, agás as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e/ou transmitir datos.
- Para a proba de debuxo técnico, materiais básicos de debuxo: lapis, compás, regra, escuadra e cartabón.

7 Instrucións

7.1 Exame e folla de respostas

- As persoas solicitantes deben comprobar que o exame e a folla de respostas sexan da mesma cor e que correspondan ás mesmas materias.

7.2 Cumprimento do campo do documento de identificación (DNI/NIE/Pasaporte)

- As instrucións para a realización do exame indicarán como teñen que proceder para que os datos persoais sexan correctamente cubertos nos recadros correspondentes. **Porase especial atención ao cubrir o número de documento de identidade.**
- Criterio:
 - Prescindir das letras iniciais, finais e intermedias. Escribir o número do documento sen letras nin espazos intermedios.
 - Empezar a cubrir os díxitos do número de documento pola primeira columna da esquerda.
 - En cada columna non poderá haber máis dunha marca.
 - Para os números con 8 díxitos todos os espazos do recadro deben quedar cubertos.
 - Para os números de menos de 8 díxitos os espazos finais quedarán en branco, non se marca nada.
- Exemplos:

43257105H
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

4	3	2	5	7	1	0	5
0	0	0	0	0	0	0	0
1	1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9	9	9

X2386154M
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

2	3	8	6	1	5	4
0	0	0	0	0	0	0
1	1	1	1	1	1	1
2	2	2	2	2	2	2
3	3	3	3	3	3	3
4	4	4	4	4	4	4
5	5	5	5	5	5	5
6	6	6	6	6	6	6
7	7	7	7	7	7	7
8	8	8	8	8	8	8
9	9	9	9	9	9	9

BX16574
DNI/NIE/PASAPORTE (sen letras)

1	6	5	7	4
0	0	0	0	0
1	1	1	1	1
2	2	2	2	2
3	3	3	3	3
4	4	4	4	4
5	5	5	5	5
6	6	6	6	6
7	7	7	7	7
8	8	8	8	8
9	9	9	9	9